

PLAN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Segunda a ORDE o 12 de abril de 2024 pola que se aproba a orde de calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, achegamos as seguintes actividades complementarias que se realizarán o longo do curso escolar:

1º Trimestre

- Celebraremos a finais de outubro ou principios de novembro o Samagosteen, no que o colexio traballará nas aulas sobre este tema mediante fichas, textos, debuxos, produtos típicos; Realizaremos un fotocall do magosto. En diferentes horarios repartiremos as actividades, xogos tradicionais e xantar popular.

- O luns 25 de novembro de 2024 celebramos o Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

- O venres 22 de Novembro Patroa da música, buscaremos a posibilidade dunha visita ou colaboración co conservatorio ou escolas de música.

- Do 2 ao 5 de Decembro de 2024 celebramos conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia con actividades nas aulas.

- Festival de Nadal: Intentaremos relacionalo co proxecto de Biblioteca ou de Normalización Lingüística. Compoñeremos e decoraremos a árbore de Nadal mediante bolas, estrelas, agasallos...; Realizaremos o festival de Nadal, coa axuda do mestre de música e titores e buscaremos un sitio para facelo (ximnasio, cine Alovi).

2º Trimestre

- O xoves 30 de xaneiro de 2025 celebraremos o Día Escolar da non Violencia e da Paz, será en coordinación coa Biblioteca do centro con materiais da mesma temática: posibles camiños de paz, recuncho de paz, pombas e letras.

- O venres 21 de febreiro de 2025: Día de Rosalía de Castro, realizaremos materiais para completar cun pequeno traballo de investigación sobre a vida e obra de Rosalía (flores para Rosalía) en coordinación co departamento de normalización lingüística.

- Entroido, celebrarase do 3 ao 5 de marzo. Proporemos a figura do Meco con peticións de disfraces durante 3 días, o 4º día será de temática libre e o último día propoñeremos a posibilidade dun pequeno desfile con cancións polo colexio ou arredores, con foto final no edificio consistorial.

- O venres 7 de marzo de 2025 celebramos o Día Internacional da Muller, realizaremos un pequeno mural interactivo (códigos QR) de mulleres deportistas/nutricionistas.

- A segunda semana de marzo de 2025: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.

3º Trimestre

- 7 de abril de 2025: Día Mundial da Saúde. Á volta ou antes de semana santa traballaremos para esta conmemoración en colaboración da temática de biblioteca.

- Do 22 ao 25 de abril de 2025: Semana do Libro, actividades en coordinación coa Biblioteca do centro.

- 2 de maio de 2025: Día Internacional contra o Acoso Escolar, propoñeremos unha charla e consciencia sobre este tema.

- Do 12 ao 16 de maio de 2025: Semana das Letras Galegas, crear un mural en coordinación con Normalización Lingüística.

- 5 de xuño de 2025: Día Mundial do Medio Ambiente, buscar unha actividade ou canción para este día.

- 19/20 de Xuño, festival de fin de curso, coa colaboración do mestre de música e resto do claustro.

- Excursións de fin de curso: propoñeremos distintas saídas por ciclos, na semana do 10 o 14 de Xuño, con distintos destinos de excursión entre eles: Lago das Pontes, Castro Viladonga, Coruña, Casa das Abellas, Viveiro, Marcelle, Lugo, Ferrol, Santiago, Cíes.

Buscar un destino con durmida para 6º curso: Manzaneda, Ons, Grove-Sanxenxo, Oporto, Pena Aventura, Médulas, Asturias-Cantabria, Segovia...